



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

**XDO. DO SOCIAL N. 3
LUGO**

SENTENZA: 00295/2023

-

ARMANDO DURAN S/N EDIFICIO NUEVO DE LOS JUZGADOS DE LUGO

Tfno: 982889545-46-49

Fax: 982-294788

Correo Electrónico:

Equipo/usuario: MR

NIG: 27028 44 4 2022 0000548

Modelo: N02700

SSS SEGURIDAD SOCIAL 0000

Procedimiento origen: /

Sobre: SEGURIDAD SOCIAL

DEMANDANTE/S D/ña:

ABOGADO/A: XOSE MANUEL FERNANDEZ VARELA

DEMANDADO/S D/ña: TESORERIA GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL, INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL

ABOGADO/A: LETRADO DE LA SEGURIDAD SOCIAL, LETRADO DE LA SEGURIDAD SOCIAL

SENTENZA

Maxistrada:

Lugo, 29 de setembro de 2023

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O día 23 de febreiro de 2022 rexistrouse neste Xulgado a demanda formulada por contra o INSS/TXSS na que solicitaba o que consta no suplico.

Segundo.- A demanda foi admitida a trámite polo Decreto do 23 de febreiro de 2022.

Terceiro.- A vista celebrouse o 13 de setembro de 2023.



No xuízo, as partes fixeron as manifestacións que entenderon oportunas e tras a demandante ratificou a súa petición, á que se manifestou conformidade e os autos ficaron pendentes de ditarse a resolución correspondente.

FEITOS PROBADOS

Primeiro.- [REDACTED] é pai de dous fillos/as.

Segundo.- [REDACTED] veu recoñecida unha pensión de IP por resolución do [REDACTED] 20/06/2016.

Terceiro.- [REDACTED] solicitou o 4/11/2021 o recoñecemento do complemento de paternidade/maternidade da súa pensión, o que foi rexeitado polo INSS/TXSS e formulouse reclamación previa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- No presente procedemento, o demandante solicita que se lle recoñeza o seu dereito a percibir na súa pensión o denominado complemento de maternidade previsto no art. 60 LXSS (redacción anterior á establecida polo RD-L 2/292), ao ter dous fillos/as.

Pola súa banda, o INSS/TXSS opúxose á demanda indicando que non se podía acoller a solicitude xa que o precepto indica que o complemento participa da mesma natureza xurídica que a pensión polo que existía prescrición. Tamén indicou que no caso de acollerse a demanda o cálculo da cantidade que se fixaba no suplico non se correspondía co 5% reclamado.

Segundo.- Os feitos declarados probados dedúcense da proba documental achegada por ambas as partes que figura no expediente dixital xudicial.





Terceiro.- O artigo 60.1 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social establece que "se recoñecerá un complemento de pensión, pola súa achega demográfica á Seguridade Social, ás mulleres que tivesen fillos biolóxicos ou adoptados e sexan beneficiarias en calquera réxime do sistema da Seguridade Social de pensións contributivas de xubilación, viuvez ou incapacidade permanente. Devandito complemento, que terá para todos os efectos natureza xurídica de pensión pública contributiva, consistirá nun importe equivalente ao resultado de aplicar á contía inicial das referidas pensións unha porcentaxe determinada, que estará en función do número de fillos segundo a seguinte escala: a) No caso de 2 fillos: 5 por cento. b) No caso de 3 fillos: 10 por cento. c) No caso de 4 ou máis fillos: 15 por cento. A efectos de determinar o dereito ao complemento así como a súa contía unicamente se computarán os fillos nados ou adoptados con anterioridade ao feito causante da pensión correspondente".

Este precepto non contén unha xustificación que se poda considerar obxectiva e razoable que fundamente unha discriminación positiva en favor das mulleres polas dificultades que habitualmente teñen na súa carreira profesional en relación cos homes. Así o entendeu a STXUE do 12 de decembro de 2019 ao indicar que "o artigo 157 TFUE, apartado 4, establece que, con obxecto de garantir na práctica a plena igualdade entre homes e mulleres na vida laboral, o principio de igualdade de trato non impedirá a ningún Estado membro manter ou adoptar medidas que ofrezan vantaxes concretas destinadas a facilitar ao sexo menos representado o exercicio de actividades profesionais ou a evitar ou compensar desvantaxes nas súas carreiras profesionais. Con todo, esta disposición non pode aplicarse a unha norma nacional como o artigo 60, apartado 1, da LXSS, dado que o complemento de pensión controvertido límitase a conceder ás mulleres un plus no momento do recoñecemento do dereito a unha pensión, entre outras de invalidez permanente, sen achegar remedio algún aos problemas que poden atopar durante a súa carreira profesional e non parece que devandito complemento poida compensar as desvantaxes ás que estean expostas as mulleres axudándoas na súa carreira e garantindo na práctica, deste xeito, unha plena igualdade entre homes e mulleres na vida profesional (véxanse, neste sentido, as sentenzas do 29 de novembro de 2001, Griesmar, C-366/99, EU: C:2001:648, apartado 65, e do 17 de xullo de 2014, Leone, C-173/13, EU: C:2014:2090, apartado 101). Por conseguinte, debe sinalarse que unha normativa nacional como a controvertida no litixio principal constitúe unha discriminación directa por razón de sexo e, por tanto, está prohibida pola Directiva 79/7". Xa que logo o



TXUE declarou que "a Directiva 79/7/CEE do Consello, do 19 de decembro de 1978, relativa á aplicación progresiva do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres en materia de seguridade social, debe interpretarse no sentido de que se opón a unha norma nacional, como a controvertida no litixio principal, que establece o dereito a un complemento de pensión para as mulleres que tivesen polo menos dous fillos biolóxicos ou adoptados e sexan beneficiarias de pensións contributivas de incapacidade permanente en calquera réxime do sistema de Seguridade Social nacional, mentres que os homes que se atopen nunha situación idéntica non teñen dereito a tal complemento de pensión".

Polo anterior, a demanda ten que acollerse, tendo en conta que o feito causante da prestación se produciu despois do 1 de xaneiro de 2016 polo que é de aplicación o art. 60 LXSS sen limitación en canto ao xénero do perceptor/a como xa se indicou e dado que na documental consta que o demandante tivo dous fillos/as.

No que se refire á data de efectos, procede dende a data do feito causante conforme ás SSTs 17/02/2022 (recursos 2872/2021 e 3379/2021) e 30/05/2022 (recurso 3192/2021).

En relación coa alegación de prescrición efectuada polo INSS (prazo de 5 anos), é certo que o art. 60 LRXS indica que o complemento participa da mesma natureza xurídica que a pensión, que esta foi recoñecida por resolución do 20/06/2016 e que a solicitude do complemento efectuouse o 4/11/2021. Con todo, non existe prescrición porque o prazo de prescrición das accións non se pode iniciar a contar ata o momento no que se puideron exercitar (art. 1964 CC) e neste caso esa posibilidade de exercicio non existiu ata a publicación da STXUE do 12 de febreiro de 2019 xa indicada xa que ata esta data o precepto non permitía acoller a pretensión da parte actora e o INSS denegaba a solicitude. A publicación da devandita resolución produciuse o 17 de febreiro de 2020. Xa que logo, non existe prescrición e a demanda debe acollerse na contía que no seu caso corresponda pola porcentaxe do 5%.

DECISIÓN

**Acollo a demanda formulada por contra o INSS/TXSS de tal
xeito que declaro o dereito de Jesús Caramés Corredoira a percibir o complemento de
maternidade/paternidade na escala do 5% dende a data de concesión da súa pensión.**





Esta resolución seralles notificada ás partes, indicándoselles que poden formular un *recurso de suplicación* ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, recurso que, de ser o caso, deberán anunciar ante este mesmo Xulgado mediante unha comparecencia ou por escrito no prazo dos cinco días hábiles seguintes ó da notificación da resolución e depositando as cantidades previstas legalmente na conta do xulgado, indicando o número de autos.

De non se anunciaren o recurso contra a resolución, deberán archivarase as actuacións, logo de dalas de baixa no libro correspondente.

Así o acordo, decido e asino.

, maxistrada do Xulgado do Social núm. de Lugo.

A difusión do texto desta resolución a partes non interesadas no proceso no que foi ditada só poderá levar a cabo previa disociación dos datos de carácter persoal que os mesmos contivesen e con pleno respecto ao dereito á intimidade, aos dereitos das persoas que requiran un especial deber de tutelar ou á garantía do anonimato das vítimas ou prexudicados, cando cumpra.

Os datos persoais incluídos nesta resolución non poderán ser cedidos, nin comunicados con fins contrarios ás leis.

Asinado por: DOPAZO BLANCO, DALILA
Data e hora: 04/10/2023 18:28:57



